

PREGUNTAS

1. ¿Que pasa co parque biosaudable que estaba no parque da Tafona? Pregamos que se repoña urxentemente.
2. ¿Que se repare o Camiño Portugués dende o alto do Pazo ata o Cuartel da Garda Civil posto que o firme está destrozado (xa caeron varios peregrinos) e cheo de maleza, apenas existe un carreiro transitable?.
3. ¿Cando pensa Vostede rematar o saneamento do lugar de Paraimas en Saiar, porque existen casas sen conexión e comprometeuse a conectalas, a cesión da finca privada xa está feita?. Resulta que agora a baixa de esta obra, pese a ter asumido o compromiso en Pleno agora quere investilo en outra obra diferente?
4. ¿Como explica que non se puidera acampar na carballeira en Portamérica e despois se fixeran as Festas Patronais? ¿Para cando o plan funcional da Carballeira?
5. ¿Como e posible que despois de rematada, de aquela maneira, a obra da rúa Real, e pese a garantir que co remate desaparecerían os insufribles cheiros no entronque ca rúa Real, a día de hoxe segue a ser o mesmo ou peor?
6. ¿Que valoración fai Vostede da recente sentenza que condena o Concello de Caldas de Reis, incluso con costas, na demanda presentada pola ELM de Arcos da Condesa por no cumprir o obrigatorio financiamento desta Entidade? ¿Pensan Vostedes apelar?
7. ¿Pensa Vostede solucionar os tremendos baches existentes no vieiro que conduce o lugar de Ceboleira en Arcos da Condesa, a altura da plantación de albariño existente na zona?
8. ¿Cando pensan Vostedes dotar o Cementerio Municipal dun acceso digno? Recentemente se fixeron obras nunca finca rústicas que linda co vieiro e non se retrínqueo nin un só centímetro. Por certo, pese a terllo avisado, os usuarios do Cementerio seguen sen dispor de auga, nin nos grifos nin cun depósito temporal.
9. Cando van a estar dispoñibles para o noso Grupo as contas definitivas das festas patronais de Agosto.
- 10.¿Como pode explicar que non existan prazas na gardería municipal e teñan que quedar familias sen posibilidade de conciliar, cando aínda por riba a Xunta de Galicia asume o total do coste para as familias?
- 11.¿Que pensa Vostede facer con todos os saneamentos pendentes no noso rural, especialmente nos dos diversos lugares de San Clemente (Igrexa, Faramentáns, Ribocias, Casaldrago, etc.) onde asumiu os compromisos nunha reunión cos veciños onde estábamos todos os grupos municipais presentes?

ROGOS

1. Que se reparen os tremendos buratos que existen no núcleo de Tibo en pleno tramo da Camiño Portugués, e no medio dun tramo de vivendas.



2. Se dean instrucións para arranxar o lamentable estado no que se atopa esta canaleta no lugar de Cesar, Nº10 da parroquia de San Clemente, xusto o carón dunha vivenda. (Reiterado por terceiro pleno consecutivo).

3. Se cumpra o compromiso verbal asumido por Vostede en Pleno co noso grupo municipal de rematar o incompleto saneamento do lugar de Paraimas na parroquia Saiar, onde varias vivendas quedaron sen saneamento pese a figurar no proxecto, e que, tal e como dixemos, a cesión do propietario para o paso da tubaría pola súa finca xa está asinado, e pese a elo a baixa de esa obra por no realizar ese tramo se quere investir noutro lugar.



de